


**EQUIPO DE BIBLIOTECA DA
E.E.I. CONCEPCIÓN GRESPO RIVAS**



**CHEGA O TEMPO DE NADAL E COMO NOUTRAS OCASIONS
QUEREMOS APROVEITAR DENDE A NOSA BIBLIOTECA PARA
AXUDARVOS A ATOPAR UN BO REGALO.**

UN LIBRO O MELLOR AGASALLO

NADAL 2017



XOGANDO CO MEDO

“MONSTRUOS PATAS ARRIBA”. Agnese Baruzzi.

Editorial Vicens Vives.

Este innovador libro, con alegres e coloridos debuxos, é un xogo fascinante no que as formas se moven e se transforman. En cada páxina do libro atopamos unha figura xiratoria que pon o mundo patas arriba.



“LA EXTRAÑA VISITA”. Gracia Iglesias

Editorial Libre Albedrío.

Un conto terroríficamente divertido. Unha historia acumulativa de misterio, moito suspense e terror!... Unha historia sobre estrañas amizades, cun sorprendente final.



“EL TRAVIEÑO JO JÓ”. Edouard Manceau.

Editorial Bruño.

Unha orixinal proposta para que o neno participe na progresiva e sorprendente “transformación” do simpático monstro Jojó ao longo das páxinas do álbum.





LI BROS DE AUTOR

Hervé Tullet

"OH! UN LIBRO CON SONIDOS". Ed. Kókinos .

É un xenio dos libros interactivos como o demostrou en "Soy un Blop!", Colores, Un libro e tantos outros álbumes. Agora desafía aos nenos para xogar e gozar da súa Creatividade ata límites insospeitados. Un libro trepidante, áxil, atractivo, que tamén se pode abrir por calquera páxina ou ler de atrás Cara a adiante, e que cando se termina téntanos a comezalo novamente. A arma anti-aburrimento ao alcance de toda a familia.



Leo Lionni

"ÁLEX E O RATO DE CORDA" .Ed. KalandraKa.

En todos os seus libros, Lionni compón pequenas e importantes fábulas que aleccionan sobre a vida, para permitir ao neno reencontrarse co seu propio mundo e ofrecerlle unha alternativa segura.

Neste álbum ilustrado coa técnica do collage presenta a historia de amizade entre dous ratiños un de verdade e o outro mecánico.



Julia Donaldson

"EL GIGANTE MÁS ELEGANTE". Ed. Bruño .

Os seus libros caracterízanse por contar historias para nenos utilizando as rimas, ademais de estar ilustrados, maioritariamente, por Axel Scheffler. O Grúfalo, cualificado por algúns como "un clásico moderno", é un dos seus libros máis populares.

A historia trata sobre un xigante que cos seus peculiares e enormes vestimentas vivirá momentos moi divertidos.

Un conto precioso con estrutura acumulativa e repetitiva que nos fala da xenerosidade, a solidariedade e a amizade.





NOVI DADES

“MAX, EL ARTISTA”. Marion Deuchards
Editorial Maeva Young.

Hai libros que unen varias virtudes: teñen unhas ilustracións preciosas, están ben maquetados, teñen unha historia con mensaxe e ademais, están protagonizados por un personaxe divertido, con personalidade, que enganxa.



“EL ELEFANTITO PREGUNTÓN”. Riphagen Loes.
Editorial Takatuka.

Unha fantástica adaptación do conto clásico de Rudyard Kipling O fillo do elefante ou como o elefante conseguiu a súa trompa.



“¡ESTE NO ES NUESTRO CUENTO!”.
Editorial Cubilete.

Estamos ante un libro para gozar e para que os peques o pasen ben sen máis, ademais é un conto moi moi imaxinativo, cun argumento moi orixinal, . E se xa lle engadimos que neste libro están incluídos outros moitos libros, xa se antolla bastante tentador...



¡Bodas lecturas...e Feliz Aninovo!

